

# O MENIÑO REI



Un conto do Nadal especial

Alberto Hermáns González

# O MENIÑO REI

Un conto do Nadal especial

Idea orixinal: Alberto Hermáns González

Letras e Músicas: Alberto Hermáns González

Colaboracións (música):

Xosé María Bastida: Gaita e whistle.

Xosé Casal Porto: Baixo eléctrico.

Alberto Amigo: Baixo eléctrico.

Álex Lorenzo: Acordeón.

Salva Acosta: Violín.

Aitor Rodríguez: Bodhram e tamboril.

Cabe García: banjo e guitarra eléctrica.

Carolina Rodríguez: pandeireta.

Ilustracións: Fernando Martínez Vizoso

Depósito legal: C 1850/2023

Cancións gravadas no estudo de radio escolar da Compañía de María e mesturadas e masterizadas por Alberto Amigo e Alberto Hermáns.

Proxecto gañador no Certame Irmán Reboiras ás mellores iniciativas de fomento do galego organizado por Escolas Católicas no ano 2022.

# O MENIÑO REI

Un conto do Nadal especial

Alberto Hermáns González

Ola, nenas e nenos!  
Chámome Lois e ese señor maior de bigote branco que está comigo é o meu avó Sindo. Hai algún tempo contoume a historia dun meniño que chegou a ser rei.

É unha historia moi emocionante e que sempre lembro cando chega o tempo do Nadal. Queredes escoitala?



Hai máis de dous mil anos,  
nunha pequena aldea chamada  
Nazaret, vivía un carpinteiro  
moi bo que se chamaba Xosé.  
Xosé estaba casado cunha  
muller moi especial.  
O seu nome era María e xa  
descubriredes máis adiante  
porque María era tan especial. Xosé tiña un  
pequeno obradoiro de madeira na aldea.  
Era carpinteiro!



A Xosé encantáballe traballar coa madeira.  
Sentía como lles daba unha segunda vida  
aos anacos de árbores que tiña almacenados  
no seu obradoiro.

Ademais de bo carpinteiro,  
Xosé cantaba moi ben.  
Mentres traballaba coa  
madeira escoitábano  
cantar a todas as horas.







A muller de Xosé era María.  
Unha muller cariñosa e á que  
todos querían porque sempre  
estaba a axudar os veciños.


Os pais de María eran moi  
coñecidos na vila e  
chamábanse Xaquín e Ana.  
O día dos avós celébrase na  
súa honra!



María desposouse con Xosé e  
un ano despois foron vivir  
xuntos para a súa nova casa.  
Facían unha parella estupenda!

Xosé estaba moi namorado de  
María porque era unha muller  
moi especial.





María e Xosé querían ter fillos, pero pasaba o tempo e o bebé non chegaba. Ata que ocorreu algo máxico! Unha tarde, chegou, voando coma se fose un avión de papel, un anxo. Este anxo chamábase Gabriel e tiña unha mensaxe moi importante que darlle a María.

Grazas a Gabriel e á mensaxe que lle mandou dar Deus, María e Xosé cumprirían o seu soño de ser pais.

Gabriel é o patrón dos mensaxeiros e por iso é o meu anxo favorito!



Un día o rei mandou que todos os nados en Belén tiñan que ir á cidade a inscribirse.

María e Xosé colleron as súas cousas e iniciaron camiño a Belén enriba dunha mula. De súpeto, ocorreu algo increíble: María púxose de parto!



Xosé apurou a buscar un lugar para que María estivese cómoda cando o neno nacesse. Preguntou en todas as pousadas e as respostas sempre era a mesma: non había sitio ou eran moi caras.

Xa non había máis tempo.  
O neno xa estaba aquí!





- Non fixo máis que nacer Xesús e alí foron aparecendo persoas que querían coñecer o neno, que sería chamado "o Mesías".

Chegaban de todos os recunchos con agasallos que lle ofrecían a Xesús. Gandeiros, peixeiras, agricultores... Ao chegaren ao portal onde estaban María, Xosé e o Neno Xesús, as persoas axeonllábanse a carón do seu berce.





De entre todas as persoas que por alí pasaron, chamaban a atención tres tipos moi especiais. Facíanse chamar os tres Magos de Oriente.


Ían vestidos con roupa rechamante e levaban coroa. Parecían reis de verdade! Leváronlle a Xesús uns agasallos moi curiosos: ouro, incenso e mirra.



Os seus nomes eran Melchor, Gaspar e Baltasar. Melchor, cunha barba branca, semellaba o máis vello de todos.


Gaspar tamén tiña barba pero de cor parda. E por último, o rei Baltasar, que proviña do continente africano.

Se os vises en persoa caerías na conta de que eran tres tipos moi especiais.



As novas do nacemento de Xesús foron correndo coma ríos cheos de auga por todo o mundo. Até chegaron a Ferrol!

Nesa cidade do noroeste de Galicia vivía Sita. Unha nena que sentiu unha enorme ledicia polo nacemento do Neno en Belén e preparou unha cesta con agasallos para levarlle a Xesús.



Sita non dubidou nin un intre en coller esa cesta de agasallos e emprender unha viaxe máxica desde Ferrol ata Belén.



Corría a ledicia do nacemento do neno Xesús por todo o reino e, como non, chegou tamén a oídos do rei Herodes, un rei malvado que non ía permitir que existise outro rei máis ca el.

Herodes mandou que o exército localizase ese neno que acababa de nacer e que o levasen ao seu palacio.



Un ano, ao decatarse dos plans do rei, voou rapidamente ata o Portal de Belén para avisar a xente que alí estaba.



Xosé, María e o Neno marcharon para Exipto fuxindo do rei, e alí viviron durante catro anos antes de volveren, unha vez que pasou o perigo, a Nazaret.

Xesús creceu e, co paso dos anos, chegaría a ser o rei dos xudeus, aínda que o meu avó Sindo sempre me di que o Reino de Xesús non era deste mundo.

O que si deixaron claro Xosé, María e Xesús é que estando xuntos e apoiándonos nos malos momentos sempre chegará unha solución.

Aproveitemos este tempo do Nadal para apoiarnos entre nós e para darlle moito cariño á xente máis necesitada e á xente que está ao noso lado.





Ese é o legado de Xesús, co que recordaremos o seu nacemento no Nadal.

**BO NADAL!**

**Cançons**

## San Xosé é carpinteiro

San Xosé é carpinteiro,  
San Xosé é cantarín;  
mentres traballa a madeira  
mil cantigas canta sen fin.

Unha cuna faille ao meniño,  
un bastón faille ao avó,  
unhas zocas para os campesiños,  
e unha dorna para o pescador.

San Xosé é carpinteiro  
mais tamén quere cantar.  
Os veciños do seu rueiro,  
xunto a el queren bailar.

As persoas que están na rúa,  
abraiados polo cantar,  
acompañan o carpinteiro,  
toda a xente ponse a bailar.

San Xosé é carpinteiro,  
mais tamén quere cantar.  
Os veciños do seu rueiro,  
xunto a el queren bailar.

## Unha muller elexida

Un 25 de marzo vai a muller de Xosé  
camiñando polas rúas da aldea de Nazaret.  
Esta muller é María e o que non pode saber  
é que un anxo a está agardando,  
anxo chamado Gabriel.

María foi a elixida para dar a luz en Belén  
ao fillo de Deus na Terra, Neno Xesús, Emmanuel.

Deus elixiu a María e bendiciuna co don  
de concibir un meniño, fillo de Deus, Salvador.  
Ponse María moi leda, éncheselle o corazón  
agradecendo o agasallo que Deus lle deu por amor.

Muller distinta do resto, porta unha luz especial  
iluminando o momento unha noite nun portal.  
Nai entregada ao seu fillo, fillo de corpo real,  
Deus feito home na Terra, o noso Deus terreal.

# O meu Anxo favorito

O meu anxo favorito  
chámase Gabriel.

Vai movéndose entre as nubes,  
voa coma un papel. (bis)

Cun sorriso na súa cara,  
ollos cor do mel,  
ten un lugar importante  
á esquerda de Deus. (bis)

Un día chegou á Terra:  
tiña algo que facer.  
Veu de lonxe, doutro mundo  
ata Nazaret. (bis)

Uuuuuh, eh, eh, eh, (x 2)  
O meu anxo favorito  
chámase Gabriel!

Vai buscando entre as rúas  
desde o amencer  
a casiña onde viven  
María e Xosé. (bis)

Veu a dicirlle a María  
de parte de Deus  
que será a nai dun neno  
que nacerá en Belén. (bis)

Esta mensaxe importante  
que levou Gabriel  
fixo que Deus confiase  
para sempre nel. (bis)

Retrouso (x 2)

# Unha nova estrela

Unha nova estrela hai no firmamento  
marcando o camiño que leva ao Portal.  
Os Magos de Oriente guíanse co astro  
que brilla no ceo, non hai outro igual.

Alí está esa estrela.  
Brilla sen parar,  
marcando o camiño  
que chega ao Portal.

Esta nova estrela non che queda quieta,  
ilumina a noite de aquí para alá.  
O resto de estrelas miran con envexa  
como desde lonxe canta un alalá.

Xesús no seu berce mira para o ceo,  
xogando coa estrela quereira tocar.  
Chegan os tres Magos, tres Magos de Oriente,  
ao Neno no berce veñen adorar.

# Tres tipos moi especiais

Chegan seguindo unha estrela  
tres tipos moi especiais! Oh, oh, oh, oh...

Desde lonxe din que chegan,  
con pintas orixinais.

Teñen nomes ben curiosos  
dos que nunca oín falar. Oh, oh, oh, oh...  
Estes homes tan graciosos... Quen son?  
Son Melchor, Gaspar e Baltasar.

Cales son eses tres tipos?  
Semellan homes de lei.  
Ouro, incenso e mirra levan, x 2  
agasallos para un rei.

O primeiro que descende  
do camelo é Melchor. Oh, oh, oh, oh...  
Ten a barba como a neve;  
rise ao velo o Redentor.

Quen se achega paseniño  
de segundo é Gaspar. Oh, oh, oh, oh...  
Leva un cofre pequeniño  
e o terceiro é Baltasar.

Ouro por ser coroado  
Rei de Reis polo amencer. Oh, oh, oh, oh...  
Co incenso foi nomeado  
fillo de Deus tras nacer.  
Mirra tamén lle entregaron  
como un agasallo máis. Oh, oh, oh, oh...

Fillo de Deus, recordaron  
os tres tipos especiais.

Cales son eses tres tipos?  
Semellan homes de lei.  
Ouro, incenso e mirra levan, x 2  
agasallos para un rei.

# Ferrol – Belén

Unha nena loita contra o vento.  
Nun barquiño sae desde Ferrol.  
Navegando vai a barlovento,  
tomando o temón.

Pola ruta do Mediterráneo ✨  
marca os mapas de navegación.  
Chega a noite e segue as estrelas  
da constelación.

Na bodega leva un gran tesouro  
unha pedra que ten corazón.  
Nun saquiño garda seu segredo  
con grande ilusión.

✨ Chega a un porto ao sur de Galilea  
que recibe o nome de Ascalón.  
Desde o porto tardará dous días,  
sóbralle tesón.

Camiñando pasou os dous días.  
✨ Xa, por fin, completa a misión:  
entregarlle ao Neno no berce o seu corazón.



# O Rei Herodes

Hai un rei que se chama Herodes  
que moitos amigos non ten,  
camiñando pasa todo o día,  
sen facer o ben.

Camiñando vai por todo o reino,  
sen facer o ben!

Din que un grilo lle contou na orella  
que nacera un neno en Belén,  
ao que todo o mundo adoraba  
pois sería o rei.

Escoitando vai por todo o reino  
que hai un novo rei!

Xa que Herodes gasta tan mal xenio  
di que só pode existir un rei  
ao Portal manda os soldados

das tropas que el ten.  
Mandando vai por todo o reino,  
non quere a ninguén!!

Ao saber que a Xesús buscaban,  
o Neno, María e Xosé  
marchan camiñando para Exipto  
deixando Belén.

Comprobando vai por todo o reino  
que só el é o rei!

Aí quedou triste o rei Herodes  
maldicindo só o novo Rei.

No seu reino xa ninguén o quere,  
xa non ten poder.

Maldicindo vai por todo o reino  
ese novo rei!

# Conto de Nadal

Desde un carpinteiro que cantaba  
no seu obradoiro en Nazaret  
a unha muller que foi elixida,  
María é a muller de Xosé.  
Un anxo que veu voando á Terra,  
anxo que foi chamado Gabriel.  
Brilla no ceo unha nova estrela  
que ilumina o camiño a Belén.

Cóntame ese conto de Nadal,  
que esta noite non quero durmir.  
Eu quero escoitalo unha vez máis  
e a ilusión dun neno revivir. (bis)

Chegan desde Oriente os tres Reis Magos  
veñen adorar o Neno Rei.  
Anoxado vive o rei Herodes,  
que quere impoñer a súa lei.  
Sita toma un barco e, sen temores,  
quérelle entregar un corazón  
ao Neno Xesús que lles deixa aos homes,  
todo o seu legado como un don.

Cóntame ese conto de Nadal,  
que esta noite non quero durmir.  
Eu quero escoitalo unha vez máis  
e a ilusión dun neno revivir. (bis)



